

LIGA GALEGA DE ANDAINAS  
LIGA IBÉRICA DE SENDEIRISMO



# OS 100 DO BARBANZA

X ANDAINA ULTRATRAIL

100KM.24H


A POBRA DO CARAMIÑAL

21 e 22 XUÑO 2025

## REGULAMENTO DA PROBA



+ INFO: [WWW.ITREKKERS.ORG](http://WWW.ITREKKERS.ORG)



VERSIÓN 30/1/2025



# Regulamento de Os 100 do Barbanza

Edición 2025

Regulamento de Os 100 do Barbanza .....	2
Edición 2025 .....	2
Introducción.....	3
Seguros e estado da saúde .....	3
Inscricións .....	4
Equipo obrigatorio e aconsellable .....	5
Antes da proba: Control de saída .....	5
Durante a proba.....	6
Despois da proba .....	7
Outras consideracións .....	7
Dereitos de imaxe.....	8
Aceptación do Regulamento .....	8
Política de privacidade e protección de datos. ....	8

### Introducción

Os 100 dos International Trekkers é unha proba non competitiva de sendeirismo/ultratrail de 100 Km a realizar nun máximo de 24 horas, organizada polo Club Deportivo International Trekkers Barbanza Sar.

A proba ten como lugar de saída o Pavillón Polideportivo Municipal de Venecia, no concello de A Pobra do Caramiñal, ás 16 h do 21 de xuño de 2025. Trátase dun percorrido balizado circular de 100 km, que discorre polos concellos de A Pobra, Boiro, Rianxo, Lousame, Noia, Porto do Son e Ribeira, a completar nun tempo máximo de 24 horas. A proba remata, polo tanto, ás 16h do 22 de xuño no mesmo lugar da saída en A Pobra do Caramiñal. Débese realizar o percorrido completo polo itinerario indicado no track, que será facilitado a todas as persoas participantes con anterioridade suficiente.

Trátase dunha proba de resistencia e unicamente se poderá facer correndo ou andando como medio de progresión, estando prohibido calquera tipo de axuda externa ou implemento que non sexan os propios medios físicos e os bastóns de sendeirismo.

Finalizará a proba todo aquel participante que chegue á meta dentro das 24 horas posteriores ao inicio da mesma e que, ademais, pasara por todos os puntos de control establecidos pola organización.

A organización poderá facer as modificacións que vexa necesarias, para o correcto desenvolvemento da proba. En caso de forza maior podería suspender a proba.

Esta proba forma parte da Liga Galega de Andainas e da Liga Ibérica de Sendeirismo.

### Seguros e estado da saúde

A proba conta cun seguro de responsabilidade civil a fin de cubrir as incidencias que puideran xurdir. A organización non se fará responsable dos danos que poidan sufrir os participantes e non resulten cubertas polo seguro contratado, estando polo tanto exenta do pago de calquera tipo de indemnización.

As persoas participantes ao inscribirse decláranse conscientes das implicacións da proba: as implicacións físicas da realización dun esforzo físico continuado durante as horas que leve completala, a dureza do percorrido e as posibles lesións que poidan derivarse da súa realización.

Os/as participantes teñen a obriga de seguir as indicacións dos organizadores. Deberán ter licenza federativa deportiva para ano en curso (autonómica galega ou FEDME). En caso de non estar federados, deberán poñelo en coñecemento da organización a través do formulario de inscrición. A organización subscribirá un seguro de día específico para a proba, segundo o Real Decreto 849/1993 do 4 de xuño. Estas persoas non acadarán puntuación na Liga Galega de Sendeirismo 2025.

Ao inscribirse, os/as participantes declaran non padecer lesión algunha que impida ou dificulte a realización da proba, así como ningunha doenza que poida agravarse como consecuencia da realización da proba, eximindo á organización de calquera responsabilidade derivada delo.

É responsabilidade do/a participante facerse os test, chequeos ou probas médicas necesarias para verificar o seu axeitado estado de saúde.

O/a participante comprométese a eximir á organización e colaboradores e/ou a calquera persoa física ou xurídica vencellada coa organización da proba, das responsabilidades derivadas de calquera accidente causado tanto por motivo de participación na proba como por accidentes deportivos.

O/a participante comprométese a eximir aos anteriormente citados de calquera prexuízo que, por motivos de saúde, puideran derivarse da súa participación na proba, asumindo persoalmente o risco inherente para a saúde que supón a realización do esforzo físico requirido para a participación na mesma.

O/a participante autoriza expresamente aos servizos médicos da proba a que se lles preste a asistencia médico-sanitaria que fose necesaria e a que se lle practique calquera cura que puidera necesitar, estando ou non en condicións de solicitala e comprometéndose ademais a abandonar a proba a requirimento dos servizos médico-sanitarios, se o estiman necesario para a saúde do participante.

O/a participante tamén se compromete a eximir aos anteriormente sinalados de calquera responsabilidade que puidera derivarse da participación na proba.

## Inscricións

O único lugar para inscribirse é a través da páxina web publicada pola organización e mediante o pagamento por plataforma, con acceso dende [www.itrekkers.org](http://www.itrekkers.org). A data límite para inscribirse é o 6 de xuño de 2025.

O límite de inscricións está fixado en 300 participantes. Non se admitirán máis inscricións pasado o 6 de xuño ou unha vez chegado ao límite de 300. No caso de completarse o límite de 300 inscricións antes do 6 de xuño, habilitarase unha lista de agarda por si se producise algunha baixa de inscritos/as. As persoas inscritas nesta lista de agarda, deberán formalizar a súa inscrición nun prazo de 24 horas, unha vez comunicada a dispoñibilidade de participación.

As inscricións serán persoais e intransferibles. O importe das inscricións para os 100 do 2025, son:

- Entre o 8 de febreiro e o 31 de marzo (ambos incluídos): 70€
- Entre o 1 de abril e o 6 de xuño (ambos incluídos): 90€
- Non se admitirán inscritos a partir do 7 de xuño ou unha vez chegado ao límite de 300 inscricións.

O importe da inscrición será reembolsable ata o 31 de maio, cunha penalización por gastos de xestión do 10% do importe pagado. A partir do 1 de xuño non se devolverá o importe da inscrición en ningún caso.

O prezo da inscrición inclúe:

- Bolsa con agasallos
- Camiseta da proba
- Avituallamentos sólidos e líquidos, incluída cea
- Xantar final de confraternidade para
- Aluguer de dispositivos de xeolocalización
- Servizos médicos e de ambulancia, dispositivo de seguridade, seguro de accidentes, seguro de responsabilidade civil, etc.
- Xestión de recollida e entrega de dúas bolsas vida
- Medalla e diploma de participación na proba

A organización permitirá a inscrición de acompañantes para o xantar de confraternidade cun custo de 20€/persoa. As entradas para os/as acompañantes pagaranse por adiantado na propia páxina da inscrición, e sempre antes do límite do 6 de xuño. Será imprescindible aportar a entrada para acceder ao xantar de confraternidade.

O feito de facer a inscrición implica que todos os/as participantes asumen os riscos da proba e aceptan as condicións da organización, así como a aceptación de que o nome e apelidos da persoa inscrita figure na páxina web da proba ou naquelas plataformas de inscrición contratadas.

### Equipo obrigatorio e aconsellable

É obrigatorio que os participantes leven consigo o seguinte material durante os 100km.

**\*\* OBRIGATORIO** dende o principio da proba:

- Pulseira identificativa da proba colocada nun lugar visible do corpo, preferentemente no pulso.
- LOCALIZADORES GPS: É obrigación do participante levar aceso constantemente os localizadores GPS entregados e devolvelos en boas condicións ó finalizar a proba. Non ter activo o localizador GPS pode ser motivo de descalificación.
- Mochila ou bolsa para transportar o material esixido
- Contedor para líquidos (mínimo 0,5 litros)
- Frontal ou lanterna (recomendable levar 2 ou 1 e baterías de reposto)
- Teléfono móbil con batería e saldo dabondo, cos contactos da organización gravados.
- Chifre ou pito para emerxencias
- Manta térmica ou de supervivencia de tamaño mínimo 1,20m x 2,10m

O material obrigatorio será requirido no control de dorsais e en calquera parte do percorrido, e todos os participantes estarán obrigados a someterse a dito control, baixo pena de sanción ou descalificación da proba.

**\*\* Equipo aconsellable:**

- Luz traseira cor vermello, colocada na parte posterior do participante e acesa durante a noite
- Bastóns de sendeirismo
- Spray antimosquitos
- Alimentos
- Chaqueta impermeable con membrana transpirable con capucha.
- Gorra ou pano.
- Pantalóns ou mallas longas durante a noite.
- Camiseta térmica de manga longa durante a noite
- Crema solar

O/a participante comprométese a eximir á organización e/ou colaboradores de calquera responsabilidade que puidera derivarse da participación na proba, tal como perda ou deterioro de obxectos persoais, roubo, extravíos ou outras circunstancias.

A organización resérvase o dereito de esixir algún material obrigatorio a maiores en función da climatoloxía (roupa impermeable, roupa de abrigo, gorra, etc) o que se avisará coa antelación suficiente.

### Antes da proba: Control de saída

Entre as 13:00h e as 15:30h do día 21 de xuño, habilitarase na zona de control de saída ([Pavillón Polideportivo Municipal de Venecia](#)), a entrega de pulseiras identificativas (dorsais) e localizadores GPS. Todos/as participantes deben achegarse a esta zona entre 13:00 e 15:30h.

Os/as participantes só poderán recoller un dorsal, e dicir: a entrega dos dorsais será persoal e intransferible; e terán a obriga de firmar a folla de control antes da saída da proba.

Os/as participantes deberán asinar un documento comprometéndose a devolver o localizador GPS ao finalizar a proba. En caso de non facelo, comprométense a pagar un recargo de 200€.

### Bolsas de Vida:

Xunto co dorsal e o dispositivo GPS, entregárase a todos/as participantes dúas bolsas (unha amarela e outra verde) con etiquetas identificativas. No mesmo punto de control de saída, os/as participantes farán entrega das dúas bolsas de vida, co material que desexen que se lle entregue nos dous puntos do percorrido no que se habilitará a entrega das devanditas bolsas de vida:

- **1ª Bolsa Vida: será de cor amarela** e porase a disposición dos/as participantes no avituallamento da cea nas Minas de San Fins no Km 40 aprox.
- **2ª Bolsa Vida: será de cor verde** e porase a disposición dos/as participantes no avituallamento de As Lobeiras, no km. 80 aprox.

O peso máximo de cada bolsa son 5 kg. A organización comprométese a extremar o coidado e a custodia das bolsas de vida, pero non se fai responsable da súa perda ou extravío, polo que se recomenda non levar obxectos de valor.

## Durante a proba

### Abandonos e incidencias:

Os/as participantes que teñan algunha incidencia durante a proba deberán contactar co teléfono de emerxencias facilitado pola organización ou comunicalo ao persoal colaborador da proba, que estará identificado. Para abandonos, deberase chegar ao posto de control ou avituallamento máis cercado dende onde será trasladado á saída/chegada en coche. Todos/as os/as participantes deberán pasar obrigatoriamente pola saída/meta en A Pobra do Caramiñal ([Polideportivo de Venecia](#)) para entregar o localizador GPS.

A organización establecerá uns tempos mínimos para pasar polos diferentes avituallamentos e controis baseados nun tempo máximo razoable de paso. Este tempo máximo razoable será baseado no criterio da organización, e non se permitirá aos participantes pasar despois do peche dos controis. Nos días previos á saída enviarase información detallada a os/as participantes cos horarios de peche dos controis.

A organización non cortará en ningún momento a circulación, e os/as participantes respectarán as normas viarias en poboacións, estradas e camiños de uso e dominio público, e extremarán a precaución en cruces coas estradas e zonas habitadas.

Será obrigatorio respectar os cultivos, o gando e a propiedade privada en xeral. En caso contrario, os/as participantes serán responsables dos posibles danos ocasionados como consecuencia de comportamentos desapropiados, ademais de poder ser descalificados pola organización.

A organización disporá dos servizos de asistencia sanitaria, ambulancia, Protección Civil e da Policía Local dos concellos polos que pasa a proba durante o transcurso da mesma.

### Poden ser motivos de descualificación:

- Botar lixo fóra dos contedores axeitados está prohibido e implicará a expulsión inmediata da proba.
- Non axudar ou socorrer aos accidentados que necesiten axuda, así como non avisar das continxencias nos controis de paso que se atopen máis preto do lugar da incidencia.
- Apagar ou ocultar o sinal do localizador GPS.
- Proporcionar datos falsos na inscrición.
- Non respectar o itinerario balizado ou os sinais do percorrido, ou atallar para entrar por algún tramo do mesmo.
- Quitar ou cambiar os elementos e marcas de sinalización postos pola organización.
- Non levar o material requirido pola organización.
- Non facer caso ás indicacións da organización.
- Non pasar a tempo polo controis de paso establecidos.

### Despois da proba

Todos os/as participantes que percorran os 100km da proba terán dereito a unha medalla de *Finisher*, de deseño propio, e diploma indicando o tempo acadado.

Todos os inscritos que fagan a saída teñen dereito á camiseta ou prenda conmemorativa, así como á bolsa con agasallos. Tamén teñen dereito a adquirir unha invitación para acompañante ao prezo indicado pola organización.

Duchas. Haberá servizo de duchas no [Polideportivo de Venecia](#) de A Pobra do Caramiñal.

### Outras consideracións

A proba estará sinalizada ao longo de todo o recorrido con cintas reflectantes. Aqueles puntos onde sexa posible e necesario, reforzaranse con pintura biodegradable.

A actividade encádrase como proba de andaina, que implica un exercicio físico con fins de ocio, turístico ou cultural, polo que se exclúe expresamente a competición. Non hai premios en función do posto de chegada.

A organización resérvase o dereito de poder retirar ás persoas participantes que, de acordo ao criterio médico, entenda que non se atopan nas condicións físicas axeitadas para rematar a proba, a aquelas que non respecten o medio, ou por calquera outro motivo que a organización considere causa de descualificación.

A organización resérvase o dereito a modificar horarios e/ou percorridos, así como a aprazar ou suspender a carreira, se así o estima oportuno, por razóns de seguridade, de saúde ou meteorolóxicas. No caso de que para os días de celebración da proba se decrete unha alerta laranxa ou vermella polas autoridades, a proba será suspendida cautelarmente e buscarase unha data alternativa para desenvólvela.

A idade mínima para participar serán os 16 anos. Os participantes menores de idade deberán ir acompañados por un familiar ou titor, que será o responsable dos mesmos mentres estean facendo a proba, debendo asinar a correspondente folla de autorización e responsabilidade.

Non está permitido levar animais de compañía no transcurso da actividade.

A organización non se fai responsable dos gastos ou débedas que puidesen contraer as persoas participantes durante o percorrido.

### Dereitos de imaxe

A aceptación do presente regulamento implica, salvo petición expresa en contra, que o/a participante autoriza á organización á gravación total ou parcial da súa participación na mesma e dá o seu consentimento para a utilización da súa imaxe para a promoción e difusión da proba en todas as súas formas, incluíndo, de maneira enunciativa pero non limitativa, radio, prensa, vídeo, fotografía, internet, redes sociais, cartelería e calquera outro medio de comunicación, tanto físico como dixital.

Así mesmo, o/a participante cede de forma expresa, gratuíta e indefinida todos os dereitos de explotación da súa imaxe derivados da súa participación na proba, incluíndo os dereitos de reprodución, distribución, comunicación pública e transformación, sen que por iso teña dereito a percibir contraprestación económica ningunha.

Esta cesión esténdese a calquera material audiovisual ou fotográfico realizado durante o evento, podendo ser empregado pola organización ou por terceiros aos que esta lles ceda os dereitos, con fins promocionais, informativos ou comerciais relacionados coa proba ou con futuras edicións da mesma.

En caso de non aceptar esta cesión, o/a participante deberá comunicalo expresamente por escrito á organización antes da celebración da proba.

### Aceptación do Regulamento

O feito de facer a inscrición implica que todos/os os/as participantes asumen os riscos da proba e aceptan as condicións da organización recollidas neste Regulamento, así como a aceptación de que o nome e apelidos do/a inscrito/a figure na páxina web do evento.

A organización resérvase o dereito a modificar este regulamento previo aviso ós participantes no correo electrónico facilitado na inscrición e a través da web [www.itrekkers.org](http://www.itrekkers.org).

### Política de privacidade e protección de datos.

Cláusula informativa para participantes.

Información básica sobre protección de datos:

**Responsable:** CLUB DEPORTIVO INTERNATIONAL TREKKERS BARBANZA SAR

**Finalidade:** Xestionar os datos dos participantes na proba, incluíndo a súa inscrición, participación e posibles incidencias. Ademais, utilizaranse para enviar información e invitacións a novos eventos organizados polo club.

**Lexitimación:** O tratamento dos datos baséase no consentimento do interesado, outorgado mediante a inscrición na proba.

**Destinatarios:** Prevese a cesión de datos a entidades colaboradoras na organización do evento, patrocinadores, aseguradoras, usuarios da web, redes sociais, así como á Federación Española de Deportes de Montaña e Escalada (FEDME) e á Federación Galega de Montañismo para a xestión administrativa ou comercial relacionada coa proba. Non se prevén transferencias internacionais de datos.

**Dereitos:** En calquera momento, o interesado pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade dos seus datos, enviando unha solicitude por correo electrónico a [2025@itrekkers.org](mailto:2025@itrekkers.org). Así mesmo, ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD) se considera que o tratamento dos seus datos non se axusta á normativa vixente.



## Regulamento Os 100 do Barbanza – Edición 2025

---

**Procedencia:** Os datos obteñense directamente do interesado ou, no caso de menores de idade, do seu representante legal.

En caso de non aceptar o tratamento dos seus datos para as finalidades indicadas, o/a participante deberá comunicalo expresamente á organización antes da celebración da proba.